

The Fundamentals of Risk Measurements

CHRIS MARRISON
New York: McGraw Hill. 2002
[413 páxinas]

Recibido: 8 de maio de 2003

Aceptado: 18 de setembro de 2003

Existen moitos libros de carácter introductorio acerca do valor en risco (VaR) e a xestión do risco financeiro. Nos últimos anos produciuse un desenvolvemento importante na área da administración de riscos, principalmente no ámbito financeiro internacional, aínda que nos seus os modelos de risco se orientaron a medir o risco de mercado das carteiras de investimento das institucións financeiras.

Consideramos que o libro de Marrison pode ser cualificado como un dos mellores. Está enfocado particularmente á xestión do risco dentro da banca, o cal restrinxe sensiblemente a audiencia á que vai dirixida o libro, pero proporciona, ó mesmo tempo, un contexto especialmente profundo de explicación.

Como acabamos de comentar, o libro céntrase nos requirimentos do capital bancario sobre os cales se realiza un breve repaso nos primeiros capítulos e que posteriormente se relacionan con medidas específicas do risco. Deste modo, as medidas do risco non se converten en silos para os lectores. Pola contra, tratan de achegalos dunha forma sinxela ó que son os diferentes métodos de cálculo deste.

Un aspecto do libro que destacamos é a énfase que pon na utilización de medidas de risco xa que son esenciais para a xestión empresarial de calquera organización e fundamentais á hora do cálculo dos diferentes métodos explicados no manual. A súa concisa explicación e sobre todo o feito de acompañala de exemplos que clarifican os conceptos ó longo de todo o libro fai del unha referencia imprescindible para os lectores.

Poucos libros tratan tan profundamente a análise do VaR, o risco operacional, o de mercado, o crediticio e os requisitos mínimos de capital necesario que han cumprir as entidades bancarias. Nos diferentes capítulos do libro non só se afonda nos temas anteriormente referidos senón que o autor tamén trata de dotalos dunha gran cohesión.

A introducción preséntanos paso a paso o que é o risco de mercado e o risco crediticio, explicando en profundidade estes conceptos de forma moi concisa e clara. Introduce os conceptos de duración e delta e continúa coa descrición da formulación matemática que rodea o proceso de cálculo do VaR.

Logo destes capítulos introductorios e dun capítulo no que repasa as esenciais fórmulas de probabilidade e de estatística, atopamos seis capítulos dedicados ó risco de mercado, catro ó ALM (risco de mercado do balance), seis para o risco crediticio, dous para o cálculo de capitais, dous de RAROC (*Risk Adjusted Return on Capital*) e, por último, un capítulo dedicado ó risco operacional.

O VaR ocupa un lugar destacado no libro. O concepto de VaR permítenos obter canto diñeiro podemos chegar a perder en certo período de tempo se consideramos unha carteira de investimento concreto e, por iso, é un dos conceptos máis importantes na xestión de riscos. Baséase en conceptos estatísticos e feitos empíricos observados frecuentemente nos mercados financeiros.

É, nunha palabra, a perda potencial (ou ganancia potencial) que poderíamos ter cun nivel de confianza (xeralmente do 95%) dado nun período concreto. Dáse normalmente como perda porque é o que nos interesa en riscos.

Cómpre decatarse de que esa mesma cantidade é a que poderíamos chegar a gañar. Polo tanto, se estamos calculando ben o VaR e aceptando esa cantidade estamos limitando tanto perdas como ganancias.

Préstase unha especial atención ós métodos históricos e de MonteCarlo á vez que se poñen de manifesto as súas limitacións. Na descrición da xestión do risco analízanse as políticas, as responsabilidades, o deseño de informes, etc.

Nos capítulos dedicados ó ALM trátase a xestión de riscos de liquidez a través de diversas técnicas que inclúen diferentes tipos de análises entre as cales se destacan os métodos de simulación. Estas técnicas son abordadas cunha serie de exemplos que explican a súa construción dunha forma detallada. Dous dos capítulos céntranse exclusivamente na análise do risco de liquidez e na valoración da transferencia de fondos.

Nos apartados dedicados ó risco crediticio descríbense as súas fontes de exposición como actividades bancarias ó por menor, actividades bancarias comerciais, operacións cos derivados, etc. Aquí atopámonos con capítulos que tratan a cuantificación do risco crediticio sobre un activo e dúas seccións dedicadas completamente á cuantificación do mesmo risco pero dirixido a carteiras con múltiples activos na súa composición.

A lectura do libro é especialmente aconsellable se temos en conta que o Comité de Basilea que forman os principais bancos centrais do mundo, resolveu adoptar o VaR como metodoloxía para medir e controlar os riscos de mercado e faise necesario reportar o seu valor en risco, así como contar co capital suficiente para facer fronte ás perdas potenciais calculadas a través do VaR de tal maneira que os requirimentos de capital destes estean en función do risco que asumen nas súas posicións.

Por todo iso a valoración do risco converteuse nun tema de actualidade e dun grande interese que o autor aborda cunha magnífica mestría e rigor científico, constituíndo esta obra un manual de referencia obrigada para todo aquel que queira introducirse no mundo da xestión e valoración do risco financeiro.

ARTUR TAMAZIAN SHAMAGIAN
Departamento de Economía Financeira e Contabilidade
Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais
Universidade de Santiago de Compostela